

Rede de Plataformas Tecnolóxicas Galegas

neurona

Xornada de presentación

30 de abril de 2008. Santiago de Compostela.

Sala Obradoiro. Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia.
Miguel Ferro Caaveiro s/n - San Lázaro.

09:15 **Chegada dos asistentes**

09:30 **Benvida e apertura. Presentación de Neurona, a Rede de Plataformas Tecnolóxicas Galegas**

Salustiano Mato de la Iglesia
Director Xeral de I+D+i. Consellaría de Innovación e Industria

10:00 **Presentacións das Plataformas Tecnolóxicas Galegas a cargo dos seus respectivos representantes**

1ª Mesa: Plataforma TIC-Vindeira
Plataforma Audiovisual-i+dea
Plataforma Produto Gráfico e Libro Galego

2ª Mesa Plataforma Tecnolóxica Galega de Automoción
Plataforma Construción Naval-Ptgn
Plataforma Tecnolóxica Galega do Granito

11:15-11:45 **Pausa café**

3ª Mesa: Plataforma Tecnolóxica Galega da Madeira
Plataforma Medio Ambiente-Envite
Plataforma Enerxía-Enerxe
Plataforma Materiais e Procesos de Fabricación-MPF2020

4ª Mesa Plataforma Agroalimentaria-Ptgal
Plataforma Tecnolóxica Galega de Biotecnoloxía
Plataforma Acuicultura-Ptxga
Plataforma Pesca-Tecnopeixe

13:30 **Clausura da xornada**

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conseleiro de Innovación e Industria

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, da Consellería de Innovación e Industria, está potenciando a creación de plataformas sectoriais de innovación nos diferentes sectores verticais produtivos de importancia estratéxica na economía galega (automoción, naval, agroalimentación, etc.) así como nos sectores vinculados con tecnoloxías críticas transversais (tic, biotecnoloxía, etc.). Estas plataformas, lideradas polos respectivos centros tecnolóxicos ou clústers empresariais, son instrumentos que agrupan a axentes representativos do contorno produtivo, científico e tecnolóxico dun sector, tales como empresas, centros tecnolóxicos, grupos de investigación universitarios, institutos tecnolóxicos e entidades financeiras co propósito de acadar un salto significativo nunha área científico-tecnolóxica de importancia para Galicia.

Desde que en 2006 se iniciou este proceso constituíronse 14 Plataformas Tecnolóxicas Galegas. Nesta fase do proxecto créase e preséntase agora a Rede de Plataformas Tecnolóxicas Galegas: Neurona, para o intercambio de información e experiencia entre as plataformas galegas e como elemento de vinculación entre os actores que integran as diferentes plataformas e entre estes e as entidades públicas.

O obxectivo desta xornada é a presentación desta Rede de Cohesión así como a posta en marcha da primeira actividade, na que se realizará unha presentación conxunta de todas as plataformas co fin de comezar a establecer relacións e vínculos de confianza entre as mesmas.

Organizan:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia

Aforo limitado. Inscripción a través das secretarías técnicas das correspondentes Plataformas Tecnolóxicas. Máis información: unite.neurona@plan-incite.eu